

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS DE 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

É importante buscar e establecer contacto con países de fala inglesa para facilitarlle ao alumnado a oportunidade de expresarse en inglés en situación comunicativas da lingua en uso. Os proxectos que se levarán a cabo axudan a mellorar a competencia comunicativa .

Lembrásalle ao alumnado o funcionamento da Aula Virtual e , na medida do posible, traballárase con eles nesta plataforma educativa co fin de poder empregala en caso de confinamento ou corentena.

Fomentárase en todo o momento entre o alumnado que se manteña a distancia social na aula e a aplicación das medidas hixiénico-sanitarias.

OBXECTIVOS:

1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas polos devanditos textos para a realización de tarefas concretas.
1. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecido, utilizando procedementos e recursos lingüísticos verbais e non verbais.
2. producir textos escritos breves e sinxelos con finalidades variadas sobre temas tratados na aula e a axuda de modelos.
3. ler de forma comprensiva textos diversos e axeitados, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade específica.
4. valorar a lingua estranxeira como un medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, culturas e linguas diversas.
5. reflexionar sobre o funcionamento e os aspectos formais da lingua, para facilitar a adquisición do código no marco das actividades comunicativas.
6. manifestar unha actitude receptiva, interesada e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
7. utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
8. coñecer aspectos fonéticos de ritmo, entoación e pronuncia da lingua estranxeira e usalos como elementos fundamentais da comprensión e produción orais.
9. desenvolver de forma progresiva a sensibilidade crítica que permite desvelar os estereotipos sexistas, clasistas, racistas, que a lingua comporta.

CONTIDOS:

BLOQUE 1.COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

Estratexias de comprensión:

- Formulación de hipóteses sobre temas que se escoitan coa axuda do contexto visual.
- Comprensión e identificación de distintos tipos de texto: narrativo, descriptivo, expositivo, argumentativo, poético,..
- Obtención de información global de distintos tipos de texto, en diversos formatos, de certa dificultade que escoitan.
- Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos para a adquisición do léxico, rutinas e expresións cotiás da lingua inglesa.
- Obtención información específica de diversos textos emitidos en diversas situacións comunicativas.
- Aмосa respecto ás interlocucións dos demais, así como os turnos de palabra, desenvolvendo estratexias de cooperación e respecto para facilitar as interaccións orais e mellorar a comunicación.
- Acento, Ritmo e Entoación : Familiarización cos sons do inglés mediante a escoita de modelos cunha boa pronunciación, acento, ritmo e entoación para captar e comprender información.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

Estratexias de produción:

- Elaboración dun guión ou esquema do texto que se quere producir, destacando nos diversos puntos tanto as ideas principais como as secundarias.
- Contextualización dos textos orais, desenvolvendo estratexias discursivas e tendo en conta tódolos elementos do discurso.
- Mellora da expresión oral en situacións reais ou simuladas con progresiva autonomía, eficacia e complexidade das expresións utilizadas.
- Transferencia de información de textos diversos ou diversas situacións comunicativas e reproducilos transformados en mensaxes orais significativos relacionados co tema a tratar.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Apoio nos coñecementos previos, sobre o tema e a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, para participar activamente en situacións funcionais, previamente preparadas e ensaiadas de comunicación adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses..
- Utilización de elementos non verbais para facilitar a comunicación, coma o xesto, as expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal.
- Recoñecemento e utilización do léxico, formas e estruturas básicas orais coñecidas e propias da lingua inglesa, para expresar funcións previamente traballadas.
- Interacción en situacións comunicativas reais ou simuladas familiares e habituais en diversos contextos.
- Realización de exposicións de temas diversos adaptados ao seu nivel.
- Cooperación cos compañeiros na preparación de traballos requeridos para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.
- Emprego da lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.
- Acento, Ritmo e Entoación: Dominio dos son do inglés mediante a escoita de modelos cunha boa pronunciación, stress, ritmo e entoación para captar, comprender e expresar información; a través das dramatizacións, recitacións e xogos fonéticos entre outros.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:

Estratexias de comprensión:

- Formulación de hipóteses sobre o contido e contexto de diversos textos escritos; tendo en conta os coñecementos previos sobre o tema.
- Anticipación do contido e tema partindo do título dos textos escritos e dos elementos icónicos.
- Interpretación do sentido do texto, aínda que non se coñeza todo o vocabulario complexo do mesmo.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Dedución do significado de palabras e expresións non coñecidas de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e co contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio visual.
- Identificación das palabras máis significativas do texto para captar o sentido do mesmo e poder facer un guión e reproducilo.
- Letura menos guiada e comprensión de diversos tipos de textos escritos sinxelos e outros máis complexos en diversos formatos para captar o sentido global e obter información específica dos mesmos.
- Recoñecementos de textos breves propios ou alleos de situacións cotiás próximos á súa experiencia como invitacións felicitacións, notas carteis, etc.
- Identificación e comprensión de diversos tipos de textos: periodísticos, argumentativos, expositivos, descriptivos, narrativos, etc.
- Recoñecemento do léxico, formas e estruturas breves escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
- Uso progresivo do dicionario bilingüe, iniciación no uso do dicionario monolingüe en lingua inglesa, a biblioteca de aula e as tecnoloxías da información e da comunicación para ler.
- Recoñecemento de signos de uso frecuente.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

Estratexias de produción de textos escritos.

- Selección do texto que se vai a producir.
- Elaboración dun guión ou esquema coas ideas principais e secundaria.
- Selección destas ideas, secuenciación e orde das mesmas e selección de vocabulario e expresións para poder plasmarlas e proceder á redacción do tema nun primeiro borrador para corregir posteriormente; utilizando progresivamente de forma autónoma éstas e outras estratexias básicas de

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

producción de textos (a quen vai dirixido, que se quere dicir e como se vai organizar a información)

- Utilización progresiva dos dicionarios bilingües e monolingües en lingua inglesa; asemade doutros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.
- Produción de textos escritos, tanto en soporte dixital coma en papel, con precisión, coherencia, cohesión e claridade; utilizando o léxico e expresións axeitadas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade.
- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.
- Elaborar informacións en ficheros, libríños,... textos breves escritos afíns aos seus intereses e experiencias cunha intención comunicativa.
- Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.
- Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para a aprendizaxe de novas palabras e expresións.
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.

Grafía, ortografía e puntuación:

- Uso de signos de puntuación elementais.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía – son, coñecemento dalgunha irregularidades específicas propias da lingua estranxeira.

- Recoñecemento de signos de uso frecuente.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países de fala inglesa e o noso.
- Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe.
- Interese por establecer contactos e comunicacións con falantes de lingua inglesa ou outras linguas, a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.
- Actitude positiva cara a nosa realidade plurilingüe e multicultural.

Funcións comunicativas:

- Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa.
- Descrición de si mesmo/a.
- Realización de preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado.
- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc.
- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.
- Expresión de instrucións habituais e indicacións de dirección, en afirmativa e negativa.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.
- Expresión de existencia.
- Realización de preguntas sobre a existencia de algo.
- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.
- Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data eta.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.
- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
- Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.
- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.
- Descrición de persoas, plantas e animais.
- Expresión de desexos.
- Formulación de preguntas sobre o desexo.
- Expresión de instrucións.
- Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda

Estruturas sintáctico-discursivas

- Saúdos, agradecementos, despedidas... (Hi, See you, How are you? I´m fine, thanks...).
- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What´s your name?,My name is, How old are you?, I´m, I´m (bored), What´s your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What´s his/her favourite (subject)?His/her favourite (subject) is..., When is your birthday? My birthday is on (August 2nd)...).
- Expresión de sorpresa, agrado... (What fun!; How nice!)
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa (Where are you from?, I´m from..., Are you from...? Yes, I am/No, I am not, Is he/she from...? Yes he/she is/No, he/she isn´t..., Are you (Portuguese)? Yes, I´m/No, I am not)).
- Preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado (Are you...?, Yes, I am/No, I´m not, Is he/she...? Yes, he/she is/No, he/she isn´t, Were you...?, Yes,I was/No, I wasn´t, Was he/she...? Yes, he/she was/No, he/she wasn´t).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.
- Descrición dun mesmo/a (I´ve got (blue eyes) and (dark hair, I´m (a nurse)).
- Preguntas e respostas curtas, en primeira e terceira persoa de singular, sobre actividades diarias, de lecer etc. (Do you (play tennis)?, Yes, I do / No, I don´t.
- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado (I (played) computer games yesterday, I didnt´play...).
- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc. (I (have lunch((at half past eight), I (listen to music),I don´t...).
- Preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala (What are you doing?, I´m (playing), What is he doing?, She´s/he´s (speaking)).

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Expresión de instrucións habituais e indicacións de direccións, en afirmativa e negativa (Fold (the paper), turn (on the left)).
- Expresión de existencia (There is a (library) / There are lots of (parks) / There isn't / There aren't...).
- Preguntas e respostas sobre a existencia de algo (Is there a (cinema)?, Yes there is, No, there isn't).
- Are there lots of (gyms)?, Yes there are, No, there aren't).
- Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday)...).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico, as horas e as datas (What date is it today?...).
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 1000. e 1st (1st), twenty-fifth (25th)...
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do / No, I don't).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidades (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can't).
- Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)).
- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing).
- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?,
- Who's wearing (shoes)?).
- Expresión de desexos (I want to (make a cake)).
- Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).
- Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?/ It's...

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).

Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a posesións persoais, cores, números cardinais ata o 1000 e ordinais ata dous díxitos, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, roupa, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, países, nacionalidades, continentes, profesións, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre e de lecer, instrucións habituais e indicacións de dirección, lugares da cidade, medios de transporte, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións, instrumentos musicais, materiais, animais, membros da familia, partes do corpo e da cara, partes da casa.

COMPETENCIAS BÁSICAS RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:

- Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito sinxelo.
- Adecuar a fala a situacións comunicativas variadas, controlando os elementos non verbais e respectando as regras propias do intercambio comunicativo.
- Ter conciencia das convencións sociais e culturais á hora de producir textos.
- Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- Disfrutar da lectura e, a través dela, descubrir outras contornas, idiomas e culturas.
- Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos escritos.
- Coñecer os principais procedementos de formación de palabras como instrumento para ampliar o léxico.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Utilizar un vocabulario suficientemente amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade e precisión en situacións concretas.
- Compor textos propios do ámbito académico, adecuados ao propósito comunicativo.
- Escribir textos para expresar ideas, sentimentos e experiencias.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

- Buscar, obter, procesar e comunicar información na lingua estranxeira para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou Internet.
- Analizar de xeito crítico a información obtida.
- Manexar ,na medida do posible a Aula Virtual e outras ferramentas dixitais para continuar co proceso de ensino-aprendizaxe durante o confinamento

SOCIAL E CIDADÁ.

- Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersonal e de resolución de conflitos.
- Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.
- Valorar a pluralidade lingüística como unha riqueza cultural.

CULTURAL E ARTÍSTICA.

- Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.

APRENDER A APRENDER.

- Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (resumo, esquema, mapas conceptuais...).
- Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

- Actuar con iniciativa e creatividade persoal.
- Desenvolver as habilidades sociais.

COMPETENCIAS BÁSICAS NON DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA.** Esta competencia consiste, ante todo, na habilidade para utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e co mundo laboral. A adquisición desta competencia supón, en suma, aplicar destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática, expresarse e comunicarse na linguaxe matemática e integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.** É a habilidade para interactuar co mundo físico nos seus aspectos naturais e nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do

resto dos seres vivos. En suma, esta competencia implica a adquisición dun pensamento científico-racional que permite interpretar a información e tomar decisións con autonomía e iniciativa persoal, así como utilizar valores éticos na toma de decisións persoais e sociais.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.**

Esta competencia refírese á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsábel dela, tanto no ámbito persoal coma no social ou laboral.

A adquisición desta competencia implica ser creativo, innovador, responsábel e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos.

METODOLOXÍA:

No referente ao dominio lingüístico, seguirase un enfoque fundamentalmente comunicativo e constructivista; polo que se partirá sempre dos coñecementos previos do alumnado (aprendizaxe significativa). Progresivamente irán adquirindo novos coñecementos ata lograr os suficientes que lles permitan acadar una autonomía suficiente na área. Dita autonomía deberá facilitar a correcta utilización da nova linguaxe e que sexan capaces de desenvolverse con fluidez e soltura nas diversas situacións comunicativas que xurdan; así como expresar a súa opinión e desenvolver un espírito crítico para debater sobre aspectos diversos relacionados cos temas traballados no proxecto artístico/ literario.

Presentarase a linguaxe de forma contextualizada- mediante contos, novelas, presentación de power point, textos diversos, “role plays”, “statements”, mapas e planos, cadros, fotos, láminas, vídeos, documentais, películas, etc.- para facilitar a súa aprendizaxe e para que sexan capaces de desenvolver estratexias de comprensión (para obter información global e específica) e de expresión (respostar preguntas, describir, explicar, analizar, valorar, debater, interactuar, etc.)

No referente ao dominio social, incidirase na pluriculturalidade e plurilingüismo. Na actualidade vivimos nunha sociedade plural, intercultural e globalizada, onde o inglés está presente en todas as situacións comunicativas e en todos os ámbitos e acada unha gran relevancia como lingua franca universal. Asemade, o seu coñecemento facilita a mobilidade, tanto de estudantes como de profesionais entre países da Unión Europea, como calquera outro tipo de relación con outros países de fala inglesa. gua inglesa.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

Por último cabe destacar dous pilares básicos desta programación :

A. ENFOQUE COMPETENCIAL:

O eido do currículo constitúeno os procedementos encamiñados a conseguir unha competencia comunicativa oral e escrita, tanto na lingua galega, castelá como na lingua inglesa en contextos sociais significativos que permitan ao alumnado expresarse con progresiva eficacia e corrección. Nembargantes, non se esquecerá a inclusión doutras competencias como a matemática, a científico-tecnolóxica, a dixital, a social e cidadá, a autonomía e iniciativa persoal, a artística e cultural e dúas máis que son a base das demais competencias para aprender a aprender e a competencia para aprender a emprender.

Terá importancia singular o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación; ben como elemento motivador, como fonte de investigación ou como outro recurso máis, fomentando a realización de actividades multimedia, tanto nos ordenadores, como na pizarra dixital, para mellorar a competencia dixital do alumnado.

B. INTERDISCIPLINARIEDADE E TRABALLO COOPERATIVO:

No referente ao ámbito educativo, como se pode comprobar ao longo do proxecto, propoñemos traballar tarefas que fomenten a cooperación, interdisciplinares e croscurriculares.

Primará o traballo cooperativo en pequenos grupos, mediante a realización de tarefas dentro de cada tema, adaptando os contidos en inglés ao nivel do alumnado.

ACTIVIDADES:

Listenings:

- Listening to stories to get both global or specific information (Escucha de textos e historias para obter información global e específica).
- Listen and number (Escoita e numera)
- Listen and sing (Escoita e canta).
- Listen and draw (Escoita e debuxa).
- Listen, circle and say the words (Escoita, rodea e di as palabras)

Matching activities and associations:

- Match words, pictures and sounds (Asocia palabras, debuxos e sons).

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Match or associate phoneme and grapheme (Asocia fonema /grafema)

Readings:

- Infer information while reading a story. (Inferir información dunha historia para obter información global ou específica).
- Read texts with the help of the visual support (Ler textos simple coa axuda do apoio visual).
- Read, stick and level (Le, pon as pegatinas e etiqueta)

Writings:

- Guess and write (Adiviña e escribe)
- Complete the story with the missing words (Completa a historia coas palabras que faltan)
- Find and count. Write the numbers and say them (Busca e conta. Escribe o número e di cal é).
- Mention your favourite story and draw it. (Menciona tu historia favorite e debúxaa).

Speaking:

- Repeat words, sentences and paragraphs with proper pronunciation, stress, rhythm and intonation (Repetir palabras, frases e párrafos con correcta pronunciación, stress, ritmo e entoación)
- Recite poetry. (Recitación de poesías).
- Likes and dislikes. (Expresión de gustos y preferencias).
- Interaction. (Interacción en situaciones comunicativas sinxelas orais).
- Answer questions about a story (Responder preguntas sobre unha historia).
- Express ideas about a story with certain fluency and accuracy (Expresar ideas sobre unha historia con certa fluidez e precisión).
- Answer questions using full sentences (Respostar preguntas utilizando frases completas).

RÚBRICAS

RÚBRICAS BLOQUE 1 : COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS:

Comprensión de textos orais 20%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%
Emprega estratexias de comprensión de textos orais e amosa unha actitude positiva.	Skimming: Capta a idea global. ... Respecta ao falante ou interlocutor.	Scanning. Capta información específica ... Amosa unha boa actitude. É receptiv@	Infire significados e formula hipóteses. ... Respecta a queda de palabra .	Sintetiza e Transfire Información. ... Valora as intervencións dos demais .

• **RÚBRICAS BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:**

Produción de textos orais 20%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%
Exprésase con fluidez e cunha boa pronunciación. Utiliza Estructuras gramaticais	Exprésase con fluidez e cunha boa pronunciación, ritmo e entoación.	Corrección: Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta.	Interaciona utilizando o léxico axeitado e mantendo o contacto visual co interlocutor . Amosa educación cara	Resume, sintetiza o escoitado e é capaz de transcribir a información, mantendo o

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

<p>básicas na orde correcta. Interaciona utilizando o léxico axeitado. Resume e transcribe a información. A moza educación respecta a quenda de palabra</p>	<p>Mantén o contacto visual co interlocutor.</p>	<p>Demostrar o mesmo e respecta a quenda de palabra. Sintaxe, Semántica e Morfoloxía ao construír un texto e producir un texto oral.</p>	<p>o mesmo e respecta a quenda de palabra.</p>	<p>sentido do texto oral</p>
---	--	--	--	------------------------------

RÚBRICAS BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:

Comprensión de textos escritos : 20%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%
<p>Emprega estratexias de comprensión de textos escritos. Comprende os temas principais e secundarios. Infire significados formula hipóteses. Le e comprende textos axeitados ao seu nivel e idade.</p>	<p>Skimming: Capta a idea global. Scanning: Capta información específica. Concéntrase na lectura de textos.</p>	<p>Comprende os temas principais e secundarios.</p>	<p>Infire significados formula hipóteses.</p>	<p>Valora a lingua inglesa como instrumento de comunicación. Le e comprende textos axeitados ao seu nivel e idade.</p>

RÚBRICAS BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

Producción de textos escritos 20%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%
<p>Produce diversos tipos de textos</p>	<p>Utiliza Elementos</p>	<p>Utiliza</p>	<p>Utiliza o léxico axeitado e</p>	<p>Produce diversos</p>

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

<p>seguindo modelos e partindo de guións con coherencia e cohesión . Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Colabora cos compañeiros na produción dos textos escritos.</p>	<p>Discursivos: Coherencia e Cohesión.</p>	<p>Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Demuestra ter nocións, apropiadas ao seu nivel de, Sintaxe, Semántica e Morfoloxía ao construír un texto.</p>	<p>escribe cunha boa caligrafía e segue as normas ortográficas básicas. Amona interese.</p>	<p>tipos de textos seguindo modelos e partindo de guións. Colabora cos compañeiros na produción dos textos escritos.</p>
---	--	--	---	--

• **RÚBRICAS BLOQUE 5 : COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL:**

Coñecemento da lingua e da consciencia intercultural 20%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%
<p>Coñece aspectos culturais dos países de fala inglesa. Participa en funcións comunicativas. Realiza diversos tipos de textos orais e escritos. Valora as linguas como instrumentos de comunicación</p>	<p>Coñece aspectos culturais dos países de fala inglesa.</p>	<p>Participa en funcións comunicativas utilizando vocabulario e estruturas gramaticais e funcionais axeitadas ao seu nivel. Amona unha atitude de respecto na comunicación.</p>	<p>Realiza diversos tipos de descripciones, argumentacións, dramatizacións, exposicións e narracións, etc. Amona interese.</p>	<p>Valora as linguas como instrumentos de comunicación para aprender a acercarse a outras culturas e respectar outras formas de vida.</p>

TÁBOA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS:

Speaking / Fala 25 puntos	Writing/ Escrita 25 puntos	Listening / Escoita 25 puntos	Listening / Letura 25 puntos
Pronunciación:	Oracións : 2 puntos	Infirir información: 3 puntos	Infirir información: 3 puntos

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

Entoación 3 puntos	Fluidez 3 puntos	Parágrafos : 3 puntos	Comprende a idea global : 5 puntos	Comprende información global : 4 puntos
Corrección : 3 puntos		Coherencia : 3 puntos	Comprende información específica : 5 puntos	Comprende información específica : 5 puntos
Gramática : 3 puntos		Cohesión : 3 puntos	Resume información : 4 puntos	Resume información : 4 puntos
Vocabulario : 3 puntos		Gramática : 3 puntos	Transfire información : 4 puntos	Transfire información : 5 puntos
Sintaxe : 4 puntos		Sintaxe : 4 puntos	Fai hipóteses : 1 punto.	Fai hipóteses : 1 punto
Interacción : 3 puntos		Contido : 4 puntos	Atende e esfórzase por mellorar . 3 puntos	Atende e esfórzase por mellorar : 3 puntos
Atitude e respecto : 3 puntos		Vocabulario : 3 puntos		

TEMPORALIZACIÓN:

<p>GRADE 5</p>	<p>COMPARISONS. MEANS OF TRANSPORT. DESCRIPTIONS/ CLOTHES FAMILY/ ADJECTIVES HEALTHY FOOD. LIKES/DISLIKES WHAT DO YOU HAVE FOR LUNCH/ DINNER...? WRITE AND TALK ABOUT A HEALTHY MENU. RECIPIES... FOOD GROUPS. ASKING AND ORDERING FOOD AT A RESTAURANT. EXPRESSING QUANTITY. HOW MUCH / HOW MANY...??? ROLE PLAYS. WHAT'S FOR...? PRESENT SIMPLE AND CONTINUOUS. DAILY ROUTINES. ADVERBS OF FREQUENCY. VERB TO BE AND TO HAVE REVISION. PRONOUNS. TYPE OF TEXTS: DESCRIPTIVE TEXTS, LEAFLETS AND DIALOGUES,</p>	<p>MY CITY/ DESCRIBING CITIES, INCLUDING MAIN PLACES AS WELL AS ACTIVITIES TO DO THERE. THERE IS.../ THERE ARE... / THERE ISN'T... / THERE AREN'T.../ IS THERE...?/ ARE THERE...? MAPS LOCATION DIRECTIONS. PREPOSITIONS. LEISURE TIME. SPORTS AND HOBBIES. MAKE A WEEKLY PLANNING. FREE TIME ACTIVITIES. MAIN JOBS. WRITING LETTERS AND EMAILS. ABILITIES. DAILY ROUTINES. ADJECTIVES AND COMPARISONS COMPARING ANIMALS. ACTION VERBS. YES/NO QUESTIONS WH-QUESTIONS REVIEW PRESENT SIMPLE AND CONTINUOUS, COMPARING THEIR USE. SIMPLE PAST. TYPE OF TEXTS: ADVERTISEMENTS, DESCRIPTIONS, DIALOGUES AND NARRATION. Special emphasis on Pronunciation SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension)</p>	<p>MY COUNTRY. GEOGRAPHY. NATURE, MUSIC, FESTIVALS... MODAL VERBS. EXPRESSING ABILITY, PROBABILITY, CERTAINTY AND POSSIBILITY. GEOGRAPHY ITEMS TO TALK AND WRITE ABOUT PARTICULAR COUNTRIES. LEARNING ABOUT DIFFERENT ENVIRONMENT AND DIFFERENT CULTURES. SCHOOL HOLIDAYS BOTH IN SPAIN AND ALL OVER THE ENGLISH SPEAKING COUNTRIES. TALK AND WRITE ABOUT ANIMALS LIVING IN DIFFERENT ENVIRONMENTS AROUND THE WORLD. THE WEATHER AND HOW IT AFFECTS THE ENVIRONMENT. TALK AND WRITE ABOUT HOLIDAYS</p>
-----------------------	--	--	--

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

	<p>Special emphasis on Pronunciation SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension) Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production)</p>	<p>Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production), etc.</p>	<p>THE FUTURE PROGRESSIVE AND FUTURE SIMPLE TYPE OF TEXT: DESCRIPTION, ARGUMENTATIVE AND JOURNALISTIC TEXTS. Special emphasis on Pronunciation SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension) Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production)</p>
--	--	---	--

AVALIACIÓN:

A avaliación será inicial ao principio do proceso, formativa durante o proceso e final. Tamén se avaliarán os obxectivos, os contidos, as competencias básicas, a secuencialización das actividades, a coordinación entre o profesorado participante e a metodoloxía do proxecto.

No referente aos instrumentos de avaliación, variarán dende entrevistas persoais ao alumnado e outro tipo de probas obxectivas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
- Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.
- Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.
- Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
- Amosa unha actitude de escoita atenta.
- Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
- Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo.
- Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as.
- Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor.
- Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensible.
- Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
- Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.
- Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.
- Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.
- Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
- Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
- Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.
- Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.
- Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos).
- Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.
- Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descricións de lugares, gustos ou afeccións)
- Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediato
- Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.
- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.
- Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
- Amona curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
- Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
- Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
- Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.
- Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...
- Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.
- Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.
- Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.
- Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
- Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.
- Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.
- Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.
- Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.
- Valora as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos
- Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.
- Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario
- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.
- Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes.
- Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
- Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.
- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
- Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
- Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.
- Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, aficións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...
- Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...
- Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.
- Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.
- Expresa e comprende indicacións e ordes.
- Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.
- Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

- Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades...).
- Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

Dado que en Lingua Inglesa a avaliación é continua, coinciden a terceira avaliación e a avaliación final.

A avaliación será inicial ao principio do proceso, formativa durante o proceso e final. Tamén se avaliarán os obxectivos, os contidos, as competencias básicas, a secuencialización das actividades.

No referente aos instrumentos de avaliación, variarán dende entrevistas persoais ao alumnado a outro tipo de probas obxectivas.

O alumnado realizará autoavaliación e reflexión do proceso de ensino e aprendizaxe , mediante o diálogo na aula e se é posible mediante un Learner´s diary.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Caderno de clase, actividades realizadas , probas escritas e orais , táboas de cotexo , autoavaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Deberán superar os estándares esixibles de todas as destrezas comunicativas.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Realización de probas orais e escritas que inclúan tódalas destrezas comunicativas, aspectos gamaticais, vocabulario e estruturas básicas.

AVALIACIÓN DURANTE A CORENTENA OU CONFINAMENTO :

Valórase positivamente a realización das actividades nos prazos propostos . En caso de xurdir obstáculos que dificulten ou impidan a súa realización estes deben ser comunicados en tempo e forma á mestra co fin de que poida colaborar coa familia na solución dos

PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS NO 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.C.E.I. P. SAN SALVADOR. CURSO 2021/2022.

mesmos. A non realización das tarefas sen ter comunicado as causas que o impediron conleva unha valoración negativa.

Pártese dos coñecementos previos e a avaliación das tarefas realizadas autónomamente polo alumnado durante o período de ensino presencial para a cualificación do traballo realizado durante o tempo do confinamento.

A realización das tarefas e a comunicación entre as familias - alumnado e a mestra durante este período, lévase á cabo a través dos medios dispoñibles : Blogue , Aula Virtual , correo electrónico ,Tokapp, Abalar , Falemos ou vía telefónica.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As actividades adáptanse ás características dos alumnos, de forma que podan levalas a cabo tendo en conta as súas posibilidades. Asemade, hai actividades de reforzo e ampliación que permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES :

Os textos , actividades , organización e posta en práctica das mesmas a través da aprendizaxe cooperativa , reflicten os diversos valores que queremos traballar na aula : respecto, tolerancia , cooperación , confianza, etc.

Dende a aula de inglés resaltaremos especialmente o respecto cara a outras culturas , outros puntos de vista e outras formas de vida , de pensar e de organizar as súas rutinas , vacacións , festas , celebracións , comidas, etc.

Por último , incidiremos , sobre todo , na interacción oral , na importancia de escoitar á persoa que está falando , repectar as quendas de palabra e as opinións dos demais . É importante aprender a escoitar para poder falar despois e ser respetuoso co interlocutor . Forma parte das normas de educación e comunicación.

ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC :

Utilización frecuente de recursos multimedia, creación dos mesmos e publicación no Blogue do centro. Emprego das ferramentas telemáticas para continuar coa docencia dende a casa en caso de confinamento.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA :

Atención ao cumprimento das normas de convivencia do centro.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR :

Iniciación nos clásicos da literatura inglesa e lectura de diversos tipos de textos en inglés para mellorar a comprensión e motivalos ao gusto da lectura.

ESTÁNDERES ESIXIBLES .

Produzan textos breves escritos sinxelos que teñan certa coherencia e cohesión , utilicen un vocabulario básico , ordenen as oracións seguindo a estrutura lóxica da lingua inglesa , non omitindo o suxeito nin o verbo e amosando un contido ou sentido lóxico.

Acaden unha mínima ou básica fluidez e boa pronunciación , ritmo en entoación na comunicación oral.

Amosen respecto cara aos seus compañeiros , cara a profesora , así como interese e respecto por outras culturas de fala inglesa.

Comprendan textos orais e escritos sinxelos en Lingua Inglesa, adaptados ao seu nivel para captar a idea do texto, así como para comprender información específica.

Utilicen o vocabulario básico e estruturas sinxelas , tanto na comunicación oral como escrita.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

Materiais multimedia , flashcards , libros de lectura , contos , cancións , videos , etc.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN:

- Cúmplense os obxectivos.
- Mellora a competencia comunicativa do alumnado.
- Mellora o interese cara a cultura en lingua inglesa do centro.